

Intelixencia colectiva: a mellor estratexia internacional

Descrición

Recentemente o IGADI presentou una iniciativa visual para completar a estratexia internacional do Concello da Coruña. O mapa da Cidade Global é un instrumento estratégico de posicionamento turístico, pero sobre todo unha ferramenta de intelixencia colectiva trasladada ao nivel internacional.

Como se pode definir este proceso? A teoría da (nova) diplomacia urbana que tratei na miña tese pode servir de guía a este proceso:



Diagrama da Nova Diplomacia Urbana (NDU) – fonte : Espiñeira-Guirao, 2022.


O elemento clave é o mandato local, a “misión operacional” que cada Concello ten impregnado no seu ADN. Influído por un factor externo (as políticas ou Axendas internacionais) e por un factor interno (o “talento” da cidade), o mandato local vaise ver incitado cara as oportunidades internacionais.

Mais, que é este talento? E pode poñerse nun mapa?

No paradigma da nova diplomacia urbana entenderemos o talento coma a capacidade intelectual, individual e colectiva, de

propor e de levar a cabo os proxectos da cidade na sÃªa dimensiÃ³n internacional.

A condiciÃ³n para que este talento funcione Ã© que estea coordinado da maneira mais efectiva posible. Unha posiciÃ³n internacional forte precisa dunha economÃa de escala onde os esforzos de cada actor suman. Esta Ã© precisamente a utilidade do mapa: harmonizar os esforzos globais dun punto de vista prÃctico, visual e flexible.



Mapa global da Coruña (2023) â€“ fonte IGADI

PrÃctico porque grazas ao mapa non se precisa crear unha nova estrutura de participaciÃ³n ou un longo documento de coordinaciÃ³n local. O efecto visual do mapa pode resultar obvio ; mais cÃmpre salienta o seu impacto para os cidadÃns e os actores locais (que fan seu o adxectivo â€œglobalâ€) e, por suposto, a influencia desta visualizaciÃ³n nos niveis nacional e internacional. Finalmente, o mapa Ã© flexible, pode modificarse segundo a evoluciÃ³n da cidade: un mapa sempre se pode camiÃ±ar!

Toda a informaciÃ³n sobre as Bases de AcciÃ³n Exterior da Coruña, mapa da cidade global incluído, atÃ³pase en www.acoruna.hub.gal.

ETIQUETAS

Paradiplomacia marketing territorial mapa cidade global

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia

Data de creaciÃ³n

Maio 24, 2023

Metacampos

Autoria : 17156